

[Prólogo]

Xosé Soengas Pérez

A revolución dixital esixe uns novos profesionais adaptados ás diversas posibilidades comunicativas que ofrecen as innovacións tecnolóxicas, as cales evolucionan día a día. O prototipo de comunicador do século XXI require unhas aptitudes polivalentes, pois a tecnoloxía permite concentrar funcións que antes correspondían a fases distintas do proceso comunicativo e que agora as pode realizar a mesma persona sen desprazarse do seu ordenador. Esta versatilidade que esixe a tecnoloxía permite ós profesionais un control casi absoluto de todo o proceso de elaboración dunha información ou de calquera outro tipo de mensaxe comunicativa, pois o autor participa activamente en tódalas fases do proceso. Así, o comunicador ten un coñecemento exhaustivo do resultado final do seu traballo. Pero a chegada destes comunicadores polivalentes ou versátiles vai supoñer un progresivo reordenamento no deseño das necesidades laborais dos medios de comunicación, pois desaparecerán funcións que antes estaban individualizadas e que agora se poden concentrar nunha mesma persona. Ó mesmo tempo, requirense profesionais con coñecementos adaptados ás novas esixencias e será necesaria unha importante reciclaxe laboral para afrontar as necesidades do futuro. A sociedade actual xa incorporou con-

ceptos básicos da cultura da comunicación, grazas, sobre todo, ós medios audiovisuais, o cal implica novas formas de narrar, moi diferenciadas das tradicionais, pois pódense obviar detalles e conceptos que xa forman parte da cultura cotiá, pois o acceso ás tecnoloxías é cada vez máis xeralizado e os ordenadores levan camiño de converterse nun electrodoméstico máis. Pero no caso das tecnoloxías nunca se debe mesturar o uso personal e mailo profesional que se faga das mesmas, para o que se requiren uns coñecementos específicos e un comportamento ético que regule a elaboración e maila distribución das mensaxes. É certo que a tecnoloxía revolucionou positivamente o mundo da comunicación, pero non debemos esquecer que tamén nos ofrece posibilidades perversas, como intervir nun texto ou nunha imaxe e alterar o contido dun discurso, transformando así a realidade en ficción ou convertendo algo verdadeiro en falso. Neste sentido, os mecanismos de control de posibles manipulacións precisan ser cada vez máis sofisticados para garanti-la comprobación da autenticidade das mensaxes cando sexa preciso contrastala.

Neste libro recóllense experiencias de profesionais e de responsables dos principais medios de comunicación do Estado e mailas súas propostas para a formación dos comunicadores do futuro, feitas a partir da experiencia diaria que permite adiviñar cales van ser as próximas tendencias.